

Obxecto

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia convoca con carácter anual os Premios María Casares de Teatro, que teñen como obxectivo promocionar o Teatro feito en Galicia premiando os espectáculos de teatro de actor levados á escena e os/as diferentes profesionais participantes.

Requisitos para optar aos premios

Poderán optar a estes premios todas as producións galegas de teatro de actor feitas en lingua galega, estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como os/as profesionais que participaren nelas. Será a compañía produtora a responsable da inscrición das candidaturas.

Unha mesma candidatura só poderá concorrer aos Premios nunha soa ocasión.

Categorías

Os premios concederanse nos seguintes apartados:

- Maquillaxe.
- Vestiario.
- Iluminación.
- Música Orixinal.
- Texto Adaptado¹.
- Texto Orixinal¹.
- Escenografía.
- Actor Secundario.
- Actriz Secundaria.
- Actor Protagonista.
- Actriz Protagonista.
- Dirección.
- Espectáculo Infantil².
- Espectáculo².

¹As categorías Texto Orixinal e Texto Adaptado son excluíntes entre si, a compañía deberá inscribir o texto do seu espectáculo nunha ou noutra. Enténdese por Texto Adaptado aquel que non foi escrito orixinalmente en lingua galega e/ou non foi escrito orixinalmente para teatro e/ou sufriu modificacións para a escena que non foron responsabilidade da autoría orixinal. Enténdese por Texto Orixinal o texto escrito orixinalmente en lingua galega para teatro.

²A categoría Mellor Espectáculo e Mellor Espectáculo Infantil son excluíntes entre si. A compañía deberá inscribir o seu espectáculo nunha ou noutra. Poderán concorrer na categoría de Espectáculo Infantil aqueles espectáculos que foren dirixidos ao público infantil ou familiar.

Premio de Honra Marisa Soto

Outógase ademais o Premio de Honra Marisa Soto, no que se galardoa unha traxectoria ou labor, persoal ou colectivo, en prol da promoción do Teatro Galego. O premio leva o nome de Marisa Soto en lembranza da actriz que tanto traballou polo movemento asociativo do teatro en Galicia, e decídese por deliberación e acordo maioritario da Xunta Directiva da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Como inscribirse

A inscrición realizarase fornecendo os datos e documentos solicitados no regulamento correspondente, mediante correo electrónico, formulario web ou na oficina da Asociación dentro das datas indicadas no antedito regulamento.

Elección das candidaturas premiadas

A elección das candidaturas premiadas realizarase mediante dúas roldas de votacións entre o censo de votantes. Na primeira rolda optarán a nomeación todas as candidaturas presentadas. As candidaturas que obtiveren os tres mellores resultados en cada categoría pasarán á seguinte rolda, que definirá as candidaturas premiadas. Os premios non teñen dotación económica, e consisten nun busto da actriz María Casares realizado por Cerámicas do Castro, do grupo Sargadelos.

A convocatoria dos Premios María Casares procura a promoción do tecido teatral, un esforzo máis para situar o Teatro no lugar que merece dentro das Artes e da Cultura do noso país.